

Oficios e profesións



Actividades

1. Cales destes oficios podes ligar coas imaxes anteriores?

afiador/a	matachín/ina
canteiro/a	muiñeiro/a
carboeiro/a	oleiro/a
carpinteiro/a	palilleira
cereiro/a	paraugueiro/a
cerralleiro/a	peleteiro/a
cesteiro/a	quincalleiro/a
costureira	redeiro/a
enterrador/a	tecelán/á
ferreiro/a	telleiro/a
fiador/a	tratante
fogueteiro/a	xastre
lavandeira	zapateiro/a
leiteiro/a	zoqueiro/a

2. Relaciona cada vocábulo co sinónimo correspondente.

enterrador/a	alfaiate
fiador/a	baldeiro/a
selleiro/a	sepultureiro/a
xastre	fiadeiro/a

3. Como se chaman os/as profesionais que traballan con...

ouro?	acibeche?	prata?	latón?
-------	-----------	--------	--------

4. Coñeces o significado destas expresións feitas?

A gaita é para o gaitero.
É un avogado das silveiras.
Vive como un abade.

5. Identifica o elemento intruso de cada serie.

- Alcalde/esa, maxistrado/a, concelleiro/a, alguacil.
- Recadador/a, avogado/a, fiscal, xuíz/a.
- Cónsul/consulesa, embaixador/a, conselleiro/a, diplomático/a.
- Ministro/a, parlamentario/a, senador/a, funcionario/a.

6. Indica a que se dedican estes/as profesionais da medicina e, a seguir, enumera outras especialidades médicas que coñezas.

cirurxián/á	odontólogo/a
dermatólogo/a	oftalmólogo/a
neurólogo/a	traumatólogo/a

7. Agrupa os termos do cadro no campo semántico correspondente.

ebanista, empregado/a do fogar, taxista, chacineiro/a, hostaleiro/a, chofer, estibador/a, encofrador/a, varredor/a, drogueiro/a, enxeñeiro/a, albanel, peiteador/a, auxiliar de voo, peón, fornecedor/a, peleteiro/a, ferroviario/a, tintureiro/a, aparelador/a, gardacostas, condutor/a, vixilante, mestre/a de obras, almacenista

Comercio	Construción
Transportes	Servizos

8. Coa axuda da internet, investiga o significado de *antropo-*, *cart(o)-*, *-grafo/a*, *etn(o)-* e *topo-* e explica en que consisten estas profesións relacionadas coa ciencia.

9. Organiza estas sílabas para formar cinco nomes de profesións ligadas ao circo, á moda, ao mundo audiovisual, ao teatro e á prensa.

xor ♦ es ♦ ra ♦ de ♦ nó ♦ ta ♦ dor
do ♦ ña ♦ ce ♦ lis ♦ ma ♦ do ♦ se
gra ♦ bra ♦ dor ♦ do ♦ fo ♦ na

10. Completa os enunciados coas palabras do cadro.

contábel, tesoureiro/a, xerente,
axente de bolsa, delegado/a sindical

- Unha ... sempre ten que estar pendente dos movementos do mercado.
- Foi elixido ... Ninguén mellor que el para levar as finanzas da asociación!
- Contratou unha nova ... para dirixir a empresa familiar.
- Ten moita experiencia como ... dirixiu varias empresas navais.
- O persoal da empresa reuniuse co ... a fin de se informar sobre os seus dereitos.

11. Resolve esta cruzada sobre profesións vinculadas á agricultura, á pesca e á gandería.

- Muller que se dedica ao cultivo da vide.
- Home que traballa a xornal; braceiro.
- Muller que se dedica á produción de mel; meleira.
- Muller que vende peixe.
- Persoas que viven do traballo no campo.
- Seitureiro/a, ceifeiro/a.
- Home que traballa nunha batea.
- Home que recolle o froito das vides.

